

# **INFORME CLIMATOLÓGICO MES DE MAIO DE 2022**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2022.....	17
6	PRECIPITACIÓN.....	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.2.	Días de chuvia en maio de 2022.....	20
6.3.	Evolución da precipitación en maio de 2022.....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	28
9	RAIOS.....	29

### Anexos:

#### Resumo mensual

Calendario de maio de temperatura mínima

Calendario de maio de temperatura máxima

Calendario de maio de precipitación acumulada

Calendario de maio de refacho máximo

Data edición: 07/05/2022

**Mes de maio extremadamente cálido e moi seco.****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de maio quedou caracterizado pola frecuente aparición de situacións meteorolóxicas de altas presións ao norte da península Ibérica que achegaban aire cálido e estabilidade. Isto fai que o mes quede marcado polo déficit de chuvia e temperaturas máis elevadas do normal para un mes de maio.

Así, o primeiro día do mes tivemos una situación anticiclónica, pero algo debilitada, que permitía a entrada de nubes pola zona oeste e propiciaba un descenso nas temperaturas, descenso que foi máis importante aínda o día 2 pola chegada de aire frío procedente do norte, que tamén deixou algún chubasco irregularmente repartido.

Nos seguintes dous días as altas presións volveron a predominar, pero manténdose aínda o vento do norte que deixaba un contraste na meteoroloxía entre o norte, máis frío, e o sur, máis cálido.

A partir do día 5 as altas presións quedaron xa estancadas ao norte da península ibérica e vivimos polo tanto o primeiro episodio do mes de tempo seco, maioritariamente soleado e con temperaturas elevadas para un mes de maio.

Este episodio mantívose ata a xornada do día 13. As xornadas máis calorosas déronse durante o período entre o 7 e o 10 cando en amplas zonas do interior se superaban os 30°C e tamén os 25°C en zonas do litoral de Pontevedra e oeste da Coruña, quedando o terzo norte da Comunidade con temperaturas algo máis frescas. Nos derradeiros 3 días deste período anticiclónico esas altas presións comezaban a debilitarse, permitindo a entrada de aire atlántico no litoral, máis fresco e húmido.

O día 14 foi de transición xa que entraba aire frío en altura, adiantando a presenza das baixas presións en superficie, que notamos xa o día 15. Ese día 14 tivemos aínda altas temperaturas, pero algúns chuvascos tormentosos nas primeiras e derradeiras horas do día.

Os días 15, 16 e 17 quedaron marcados por esa borrasca. Polo tanto foron situacións marcadas polos ventos do sur, temperaturas suaves, aínda que con valores máis baixos que nos días anteriores e chuvias, que caeron principalmente en Pontevedra e sur da



Coruña, aínda que de xeito máis illado e ocasional afectaron a outros puntos, principalmente na xornada do 17.

Os días 18 e 19 quedaron marcados por situacións intermedias, con algunhas chuvias febles no oeste o 18 e néboas matinais o 19.

O día 20 foi unha xornada de sol e calor en toda a Comunidade, pero a chegada de aire frío en altura fixo que o 21 as temperaturas descendesen e se rexistrasen algúns chuvascos pola tarde. Eses chuvascos e o descenso de temperaturas continuaron tamén durante a xornada do 22.

Os días 23 e 24 quedamos na influencia das baixas presións, con inestabilidade e chuvias en xeral de non moita intensidade.

A transición tivo lugar o día 25 e o período entre o 26 e o 28 foi novamente anticiclónico, coas altas presións ao norte e polo tanto tempo caracterizado polo sol e o calor, particularmente na xornada do 28 cando se superaban os 35°C en zonas de val do interior.

O día 29 entraba aire frío, polo que as tormentas foron particularmente importantes no sur de Lugo e sur de Ourense.

E xa nos derradeiros dous días do mes Galicia quedaba na influencia dun centro de baixas presións localizado entre os Azores e a península Ibérica, que deixaba tempo cambiante e chuvascos, dispersos e ocasionais o día 30, pero máis intensos e xeneralizados o 31.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A configuración de anomalías de presión en superficie (Figura 1), pero máis destacable en altura (Figura 2), mostra unha anomalía positiva, localizada ao norte da península Ibérica, que afecta totalmente á Comunidade, explicando a predominancia anticiclónica neste mes de maio. As borrascas non chegan a Galicia, tal e como se pode apreciar na forte anomalía negativa ao sur de Islandia en superficie e se estende ao oeste dos Azores en altura.

#### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.





Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Maio-2022.

#### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.



**Figura 2:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Maio-2022.

#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	MAIO 2022 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.0/17.0	15.0	17.6 (2020)	12.1 (1984)
Tª mínima media	14.0/13.8	11.9	14.2 (2020)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	11.6/11.5 (día 7)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	17.2/17.1 (día 15)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	20.1/20.3	18.0	21.2 (2017)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	30.0/29.3 (día 14)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	15.2/15.6 (días 3/2)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	26	62-82	164 (1984)	3 (1994)
Días de chuvia (≥1mm)	5	11	21 (1983)	1 (1994)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. O número de días de chuvia tamén foi moito menor que o agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2022. Temperatura: 1948-2022.

**SANTIAGO**

	MAIO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.5	14.6	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	11.2	9.8	12.1 (2020)	7.0 (1984)
Tª mínima absoluta	7.7 (día 10)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.5 (día 28)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	21.9	19.4	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	31.6 (día 28)	34.9 (29/05/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.4 (día 2)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	65	110-139	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	23 (1993)	2 (1987)

*Comentario:* Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén, no número de días de chuvia, inferior ao valor climático agardado.





\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2022. Temperatura: 1982-2022.

**LUGO**

	MAIO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.0	13.4	16.5 (2020)	9.6 (1984)
Tª mínima media	9.7	8.0	10.1 (1999)	5.7 (1987)
Tª mínima absoluta	4.4 (día 5)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.0 (día 16)	16.0 (12/05/1999)		
Tª máxima media	22.9	18.8	24.1 (2020)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	29.4 (día 10)	34.6 (31/05/2019)		
Tª máxima máis baixa	15.0 (día 2)	8.0 (09/05/1981)		
Precipitación acumulada	29	59-86	193 (1997)	11 (2006)
Días de chuvia (≥1mm)	5	12	21 (1983)	3 (1987)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta a temperatura mínima e a temperatura media, mentres que para a máxima o mes resultou extremadamente cálido.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, sendo o mes moi seco. Isto tamén se aprecia no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2022. Temperatura: 1981-2022.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	MAIO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.7	15.4	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.8	10.2	12.9 (2020)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	8.3 (día 25)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.0 (día 21)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	23.6	20.6	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	33.8 (día 27)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	17.9 (día 1)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	48	97-128	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	8	12	23 (1997)	3 (1991)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta a temperatura máxima e a temperatura media, mentres que para a mínima o mes foi moi cálido.



A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, inferior ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2022. Temperatura: 1958-2022.

**OURENSE**

	MAIO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.3	16.2	19.8 (2020)	12.0 (1984)
Tª mínima media	10.7	9.5	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	5.5 (día 1)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.4 (día 30)	16.8 (29/05/2020)		
Tª máxima media	<b>28.0</b>	22.9	27.7 (2020)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	<b>37.9 (día 28)</b>	37.8 (24/05/2017)		
Tª máxima máis baixa	18.9 (día 24)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	19	49-64	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	3	10	18 (2008)	0 (1976)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta a temperatura media e a temperatura máxima media que acadou o valor histórico máis alto da serie. Tamén a temperatura máxima absoluta foi o rexistro máis alto da serie histórica. En canto á temperatura mínima, o mes foi moi cálido. A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. O número de días de chuvia tamén foi moito menor que o valor climático agardado.


\*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2022. Temperatura: 1972-2022.

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas foron en xeral elevadas neste mes de maio debido principalmente ás aparicións de situacións anticiclónicas que achegaban aire cálido procedente do norte de África e deixaban temperaturas moi elevadas para un mes de maio. Unhas temperaturas que non puideron ser compensadas polos escasos períodos de borrasca.

### 5.1. Temperatura media das máximas.


O valor medio das temperaturas máximas no mes de maio para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 21.6 °C. Os valores máis altos rexistráronse nas ribeiras do Miño ourensá e o Sil, con valores próximos aos 28.2 °C. Os valores máis baixos déronse na Mariña Central, onde localmente se acadaron os 14.2 °C.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de maio de 2022.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.


O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 9.9 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia, acadando os 4.5 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse principalmente na península do Morrazo, onde as mínimas acadaron valores de ata 15.1 °C.



**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2022.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías foi moi irregular ao longo de toda a Comunidade. Así, os valores máis baixos da anomalía de temperatura rexistráronse na comarca de Bergantiños, con valores próximos aos +0.7 °C. Os valores máis altos atópanse no suroeste da Comunidade, cun valor de ata +5.4 °C. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +2.8 °C.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de maio de 2022 respecto ó período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas de Verín, Viana e Valdeorras, mentres que as máis baixas (Táboa 2) rexistráronse principalmente nas comarcas de Bergantiños e na Mariña Luguesa.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	4.6
Castrelo do Val	Ourense	4.4
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.4
Vilariño de Conso	Ourense	4.4
Veiga (A)	Ourense	4.3
Verín	Ourense	4.3
Ríós	Ourense	4.2
Mezquita (A)	Ourense	4.2
Quiroga	Lugo	4.1
Manzaneda	Ourense	4.0

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de maio de 2022.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Coristanco	A Coruña	1.1
Cabana de Bergantiños	A Coruña	1.3
Mondoñedo	Lugo	1.4
Ponteceso	A Coruña	1.5
Malpica de Bergantiños	A Coruña	1.5
Lourenzá	Lugo	1.5
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1.6
Burela	Lugo	1.6
Aranga	A Coruña	1.6
Xove	Lugo	1.6

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de maio de 2022.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2022 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 28 e o 20 destacan por debaixo e por riba do 1000m, respectivamente.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2022	Ourense	OURENSE	Ourense	37.9
28/05/2022	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.0
28/05/2022	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37.0
28/05/2022	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	36.6
27/05/2022	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	36.1
28/05/2022	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	36.0
20/05/2022	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.7
28/05/2022	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35.1
27/05/2022	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	35.0
27/05/2022	Soutomaíor	SOUTOMAÍOR	Pontevedra	34.8

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en maio 2022, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/05/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28.8
20/05/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.7
20/05/2022	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	28.3
20/05/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	28.0
28/05/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27.6
20/05/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.4
20/05/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	27.2
28/05/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.0
28/05/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	25.7
21/05/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	25.2

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en maio de 2022, altitude maior a 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de maio de 2022 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Por riba dos 1000 m destacou as xornadas do 2, 3 e 24, mentres que por debaixo ademais destacan as xornadas do 5, 6 e 11.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/05/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-0.5
25/05/2022	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-0.2
02/05/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.2
24/05/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0.1
03/05/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	0.2
03/05/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0.7
03/05/2022	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0.8
03/05/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	1.1
03/05/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	1.5
24/05/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	2.3

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en maio de 2022, altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/05/2022	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.3
06/05/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	-0.1
11/05/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	0.6
06/05/2022	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	0.9
11/05/2022	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	1.3
06/05/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	2.8
03/05/2022	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	3.0
06/05/2022	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	3.0
05/05/2022	Morelle	SARRIA	Lugo	3.0
11/05/2022	Melide	MELIDE	A Coruña	3.0

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en maio de 2022, altitude menor a 1000m.



## 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2022.

Na Figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022 para esta serie foi 16.9 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2022 para maio.

A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.5 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. As temperaturas máximas (+3.5 °C) e as mínimas (+1.6 °C), tamén foron extremadamente cálidas. O precedente máis cálido e tamén o máis elevado da serie atopámolo en 2020.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron este mes moi escasas, quedando as cantidades acumuladas por debaixo da metade do que sería habitual nesta época do ano. Os períodos de borrasca foron en xeral de curta duración e as fronteas non foron moi activas. Os días 29 e 31 tivemos tormentas, pero agás puntos illados, non foron quen de equilibrar o déficit que se arrastraba do resto do mes.


Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 42 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse no Baixo Miño, onde se acadaron localmente os 135 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos de precipitación acadáronse no oeste da provincia de Ourense, chegando puntualmente a 6.4 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2022.

### 6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de maio con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 61 % inferior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta unha distribución moi irregular en todo o territorio galego, só nalgunhas localidades a porcentaxe de precipitación tivo unha porcentaxe dun 6% superior ao normal, principalmente nalgunhas localidades do Baixo Miño e na comarca de Terra de Lemos (esta última debido as fortes treboadas do día 29). Os valores máis baixos acadáronse principalmente nas comarcas do Ribeiro e de Viana cun 91 % por debaixo do valor climático.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de maio de 2022.

## 6.2. Días de chuva en maio de 2022

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 6.2. Os valores máis altos acadáronse nas comarcas do Eume, de Pontevedra e en Terra de Melide, con 11 días de chuva. Pola contra, en gran parte da provincia de Ourense e en Terra de Lemos, acadáronse os valores máis baixos no número de días de chuva, apenas superando dous días.



**Figura 10:** Días de chuva superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de maio de 2022.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de maio. As precipitacións acumuladas máis altas superaron os 70 L/m<sup>2</sup>, principalmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Foron varias as xornadas, na que destaca a do 29, con valores superiores a 60 L/m<sup>2</sup> en Monforte de Lemos.

Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2022			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Muralla	LOUSAME	A Coruña	119
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	99
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	95
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	94
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	92
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	79
Castrove	POIO	Pontevedra	79
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	76
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	75
Ancares	CERVANTES	Lugo	74

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2022.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	84	29/05/2022 16:00
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	65	29/05/2022 02:00
Muralla	LOUSAME	A Coruña	62	16/05/2022 21:20
Ancares	CERVANTES	Lugo	54	22/05/2022 11:00
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	51	16/05/2022 22:20
Baltar	BALTAR	Ourense	46	21/05/2022 16:10
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	43	22/05/2022 13:10
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	42	21/05/2022 23:40
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	35	28/05/2022 20:30
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	35	16/05/2022 23:10

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2022.

### 6.3. Evolución da precipitación en maio de 2022

Na Figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022, para esta serie, foi 38 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2022 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 62 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2019.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en maio, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase tan só en tres estacións se rexistraron ventos superiores ao limiar especificado, As xornadas máis ventosas foron as do 15 e o 16. A porcentaxe de calmas foi en xeral moi elevada, así como non houbo unha dirección de vento predominante en todas as estacións.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en maio				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
15/05/2022	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	106.1
17/05/2022	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	101.8
15/05/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	101.1

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de maio de 2022.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	75.8	NE	18		
		Día 15				
Pta. Candieira	Cedeira	87.4	NE	11		
		Día 15				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	65.7	E	5		
		Día 15				
Marco da Curra	Monfero	75.4	SE	9		
		Día 16				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de maio de 2022 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	106.1	E	4		
		Día 15				
Campus Lugo	Lugo	47.2	N	49		
		Día 16				
Ancares	Cervantes	77.5	S	13		
		Día 16				

Táboa 11: Resumo vento no mes de maio de 2022 na provincia de Lugo







PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	90.9	N	5		
		Día 21				
Rodicio	Maceda	59.2	NE	18		
		Día 15				
Gandarela	Celanova	56.9	NO	45		
		Día 17				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de maio de 2022 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	71.8	S	12		
		Día 2				




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Cíes	Vigo	69.5	SO	36		
		Día 15				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de maio de 2022 na provincia de Pontevedra.


## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de maio de 2022.


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS


A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de maio 4571 raios, a maior parte deles nas xornadas do 14 e do 29 (Figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en maio de 2022.


A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a maioría dos raios foron detectados na provincia de Lugo, mentres que no resto das provincias o número de raios foi da mesma magnitude.

**nº de raios detectados en maio de 2022 por provincias**



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en maio de 2022.

Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en maio en Galicia dende o ano 2010 ao 2022. Pódese observar que este maio foi o cuarto ano que máis raios rexistrou a serie, moi lonxe do ano 2017.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en maio dende 2010 a 2022.

**MeteoGalicia**

**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>A Coruña</b>																											
A Gándara	14.6	18.9	29.7	28	11.2	8.1	6	46	14.5	17	-66	83	97	61	52	233	2083	19	99	15	970	12	0				
Aldea Nova	15.0	19.73	27.6	14	11.6	8.8	25	42	13.3	31	-75	85	98	65	49	222	2067	9	56	27	986	11	0				
Arzúa	15.3	22.22	31.8	28	8.9	4.0	5	56	14.6	31	-63	80	100	51	50	223	1965	5	57	14	976	10	0				
Camariñas	15.8	18.47	27.5	28	13.2	10.0	9	23	8.6	17	-93	82	93	67	59	264	2212	19	92	15	1017	9	0				
Cariño	15.5	17.42	23.3	16	13.5	11.0	25	39	18.0	31	-57	85	94	75	42	190	1811	15	65	15	1018	10	0				
Cespón	17.8	24.01	32.6	27	12.2	8.2	10	55	17.0	17	--	73	92	51	56	251	2066	7	55	16	1012	10	0				
CIS Ferrol	16.7	21.19	29.7	14	13.1	9.7	25	37	14.8	22	-90	76	91	57	52	236	1992	10	56	16	1015	8	0				
Corrubedo	17.3	22.57	32.8	27	13.1	9.8	10	58	20.9	22	-79	71	86	53	51	230	2078	7	50	21	1013	10	0				
Coruña-Dique	16.4	19.77	29.3	14	13.4	9.2	6	26	13.2	31	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	--	--	--	11	0		
Coruña-Torre de Hércul	16.6	20.08	30.0	14	14.0	11.6	7	25	13.8	31	**	84	96	68	**	**	**	**	**	**	**	**	**	**	7	0	
*Coto Muiño	14.5	20.45	32.0	28	8.8	3.6	7	51	22.3	17	**	84	99	60	**	**	**	4	49	16	**	**	**	**	12	0	
Fontecada	14.5	19.72	30.3	28	9.7	6.7	10	94	44.8	17	-18	77	94	54	49	218	1878	11	67	16	975	11	0				
*Guísamo	16.1	20.89	29.9	28	12.0	7.0	6	41	17.9	31	**	82	97	62	**	**	**	**	55	15	997	8	0				
*Lesende	16.8	22.1	30.7	28	11.9	7.7	10	63	23.7	17	-91	77	94	54	52	233	2023	4	60	15	997	9	0				
Lira	17.0	20.92	30.8	27	13.4	10.2	10	46	10.9	22	-93	73	87	56	58	261	2205	16	75	15	**	**	**	**	11	0	
Mabegondo	15.8	22.15	32.2	28	9.2	3.1	6	32	10.5	31	-85	84	99	61	51	230	2017	6	58	15	1007	8	0				
Malpica	14.8	18.33	22.4	21	12.3	10.5	3	28	8.7	31	-68	92	100	76	58	262	2113	19	65	15	999	10	0				
Marco da Curra	13.1	18.25	25.0	28	9.3	6.5	6	48	17.9	31	-59	83	98	59	47	211	1974	15	75	16	943	12	0				
Melide	15.1	23.17	30.1	28	8.2	3.0	11	43	23.7	31	-88	75	96	48	52	236	2095	6	47	16	963	9	0				
Muralla	14.6	18.62	28.6	28	10.9	6.8	2	119	53.3	17	0	78	92	57	52	234	2030	20	91	15	941	11	0				
*O Val	16.5	21.12	28.6	14	12.1	7.7	1	42	11.9	31	**	81	94	64	**	**	**	4	39	15	1010	10	0				
Olas	14.6	20.09	29.7	28	10.0	6.8	5	57	16.0	31	-57	82	98	60	49	221	1985	10	67	14	**	**	**	**	11	0	
*Ordes	15.5	21.82	31.3	28	9.3	4.3	7	55	20.0	17	**	76	93	54	**	**	**	4	38	3	986	10	0				
*Paramos	15.1	20.66	31.5	28	9.9	4.8	10	79	28.0	17	**	76	92	56	**	**	**	6	**	17	975	10	0				
*Pazo de Galegos	16.9	23.22	32.6	28	11.6	8.3	25	45	13.6	17	-94	77	95	53	50	227	1982	5	44	18	991	10	0				
Punta Candieira	14.9	18.03	26.6	21	12.5	10.1	3	35	11.2	31	-76	80	93	63	48	219	1967	21	87	15	988	9	0				
Punta Langosteira	15.5	17.62	24.8	21	13.3	9.8	7	16	5.3	31	**	84	94	71	53	240	1979	16	92	15	1016	6	0				
Río do Sol	13.7	18.31	29.2	28	9.8	6.9	11	63	17.4	17	-47	82	96	61	48	217	1978	17	84	16	843	12	0				
*Rus	15.6	21.28	30.5	28	9.5	4.8	7	44	11.8	15	**	87	100	67	**	**	**	3	45	15	1002	10	0				
Sálvora-Pazo	16.7	20.06	27.3	28	14.2	11.8	24	53	25.4	22	-72	82	91	67	54	241	2196	20	67	15	**	**	**	**	11	0	
Santiago-EOAS	16.1	21.89	31.6	28	11.2	7.7	10	65	21.5	17	-61	75	92	52	44	196	1932	14	68	15	988	11	0				
Santiago-San Lázaro	15.9	21.56	32.3	28	10.9	7.6	5	46	15.1	17	-95	76	94	54	53	238	2040	9	64	16	982	9	**				
Sergude	16.7	22.98	32.5	28	11.5	7.7	10	54	16.6	17	**	80	98	54	42	187	1872	**	**	**	**	**	**	9	0		
Serra da Faladoira	12.6	16.89	24.3	9	9.6	6.0	1	45	11.6	31	-45	86	97	67	43	195	1842	19	67	29	952	13	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	14.5	19.57	28.0	9	11.2	7.9	24	46	24.6	31	**	83	98	62	35	156	1554	**	**	**	90	17	**	10	0			
Abradelo	15.1	22.05	29.4	28	9.4	5.0	3	47	17.8	22	**	70	91	44	58	261	2218	**	**	**	**	**	**	7	0			
*Alto do Faro	14.0	19.99	28.0	28	8.9	4.9	24	32	10.3	31	**	83	98	56	**	**	**	5	44	15	922	11	0	11	0			
*Alto do Poio	12.8	17.7	24.6	28	8.2	0.8	3	62	19.5	22	**	68	89	47	**	**	**	7	42	18	**	**	**	11	0			
Ancares	13.1	18.11	24.6	20	8.7	1.1	3	73	53.5	22	-73	66	87	44	57	257	2240	15	77	16	867	9	0	9	0			
*Borreiros	15.5	19.6	25.0	16	11.6	6.6	9	24	13.3	31	-70	84	97	67	35	157	1603	5	47	16	1011	10	0	10	0			
Bóveda	16.6	24.59	31.5	28	9.7	4.5	5	56	34.6	29	-88	77	99	46	59	263	2286	6	61	14	967	6	0	6	0			
Burela	13.1	16.17	23.0	14	11.2	8.9	2	33	14.3	31	-43	88	95	72	29	132	1462	15	90	15	969	10	0	10	0			
Campus Lugo	15.6	22.88	29.4	10	9.7	4.4	5	29	15.1	31	-97	79	99	49	47	211	2065	6	47	16	971	8	0	8	0			
Castro R. de Lea	14.8	20.91	28.5	9	9.9	4.3	7	23	12.1	31	**	82	99	57	53	239	2143	**	**	**	**	**	**	5	0			
Conchada	16.6	24.45	32.3	28	10.4	4.0	3	21	6.7	29	**	73	95	47	55	247	2238	**	**	**	**	**	**	7	0			
Corno do Boi	13.1	18.92	25.3	9	9.1	5.5	5	51	22.0	31	-65	80	96	53	49	220	2039	11	67	21	**	**	**	11	0			
Cospeito	14.1	20.48	28.3	9	8.4	3.4	6	23	11.3	31	-89	87	100	60	50	225	2046	8	63	17	**	**	**	8	0			
Courel	15.8	22.65	30.7	28	9.9	4.0	3	41	22.6	22	-110	67	91	41	57	256	2225	8	61	2	929	9	0	9	0			
Feiranova-Santaballa	13.7	20.43	27.4	9	7.8	3.7	25	31	15.3	31	-81	88	100	61	50	225	2037	6	54	15	--	--	--	9	0			
Fontaneira	13.6	19.07	26.4	28	9.0	4.3	5	35	14.9	22	-89	75	93	53	58	258	2083	15	69	15	906	5	0	5	0			
Foz	14.8	18.19	24.9	17	11.9	8.6	11	29	11.6	31	-66	85	96	69	38	171	1700	10	73	15	1011	7	0	7	0			
Fragavella	12.1	15.76	23.5	9	8.7	3.7	1	41	12.4	31	-38	89	99	71	32	145	1569	11	78	17	949	15	0	15	0			
Guitiriz-Mirador	13.3	18.97	25.6	9	9.4	6.0	1	46	22.3	31	-62	83	99	56	45	204	1925	9	54	16	940	10	0	10	0			
*Labrada	12.4	16.32	25.4	9	9.4	4.8	1	36	12.9	31	-58	85	97	67	40	181	1778	9	55	17	**	**	**	12	0			
*Lourenzá	15.7	20.49	27.5	14	12.0	7.1	9	37	16.0	31	**	83	96	63	**	**	**	4	49	15	**	**	**	8	0			
Marroxo	15.5	22.31	30.8	28	10.4	5.0	3	92	82.8	29	-48	74	96	45	53	236	2183	8	57	15	944	8	0	8	0			
*Míllara	17.1	25.19	33.8	28	10.8	6.4	1	29	11.9	29	**	72	95	42	**	**	**	6	61	16	**	**	**	8	0			
Monforte	17.3	25.63	33.9	28	9.6	4.1	3	71	64.6	29	-68	79	100	44	54	240	2130	4	49	29	**	**	**	7	0			
*Morelle	15.8	23.68	30.0	28	9.1	2.3	3	25	10.1	31	-95	80	99	51	44	196	1939	3	37	14	969	8	0	8	0			
O Cebreiro	13.0	20.06	27.0	28	7.6	0.7	3	52	21.5	22	-87	74	94	51	58	260	2247	12	45	2	872	11	0	11	0			
O Xipro	14.1	20.7	27.6	21	8.7	3.7	5	46	24.4	22	--	75	95	51	58	261	2252	--	--	--	928	7	0	7	0			
O Xistral	11.6	14.76	25.2	21	8.9	4.7	2	45	14.4	31	-39	86	96	65	**	**	1956	28	101	15	**	**	**	13	0			
*Olveda	14.5	21.44	30.3	28	8.6	4.4	5	26	10.8	31	-102	77	98	50	54	242	2155	5	34	15	**	**	**	11	0			
Pedro Murias	15.5	18.64	26.3	17	12.5	9.0	7	42	20.6	31	-54	86	97	71	40	183	1745	9	57	17	1014	9	0	9	0			
Penedo do Galo	12.2	15.81	24.4	21	9.9	7.3	2	54	13.5	31	-24	90	99	70	35	161	1625	20	106	15	**	**	**	15	0			
Pol	13.6	19.52	27.0	21	9.3	5.7	1	41	24.3	31	**	82	98	57	55	249	2106	**	**	**	**	**	**	943	7	0		
Portomarín	15.5	23.49	30.0	10	9.1	3.2	5	19	14.2	31	**	79	100	49	52	235	2132	**	**	**	**	**	**	967	5	0		
Riotorto	15.1	20.07	28.9	9	11.6	7.3	10	54	23.4	31	--	88	100	65	37	166	1767	6	60	17	**	**	**	13	0			
Sambreixo	13.9	20.23	27.0	9	8.4	3.0	6	47	17.4	31	**	83	99	56	48	218	2010	**	**	**	**	**	**	10	0			
*San Clodio	18.4	26.7	35.1	28	10.2	4.3	3	13	4.0	29	**	68	98	38	**	**	**	3	39	16	987	6	0	6	0			
*San Fiz	16.5	23.69	31.8	28	10.7	6.3	5	32	13.9	29	-109	73	94	46	52	232	2193	4	54	15	972	8	0	8	0			
Santa Cruz	15.5	19.79	25.9	9	11.5	7.1	9	26	13.6	31	-66	85	98	64	30	136	1560	5	50	15	**	**	**	10	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra Vacaloura	14.0	20.32	28.0	28	9.4	5.5	3	33	13.4	31	-88	83	98	54	60	271	2309	19	84	15	**	10	0			
Ventosa	14.2	20.38	28.1	21	8.9	3.8	25	68	37.0	22	-72	72	91	47	59	263	2246	9	72	15	914	7	0			
*Vilamor	15.4	19.66	25.9	14	12.0	7.4	9	49	19.0	31	-44	88	99	69	32	145	1592	5	55	17	**	10	0			
*Xabrega	17.1	25.28	34.6	28	10.4	5.0	3	16	9.2	22	-106	71	93	42	49	219	2085	**	59	15	980	8	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Ourense</b>																												
A Mezquita	15.2	21.54	28.7	20	8.5	3.0	2	10	6.6	14	-147	59	85	37	55	247	2282	10	60	14	903	5	0					
*A Portela	19.3	27.99	35.7	20	10.9	6.3	4	10	7.2	14	-156	58	91	29	60	270	2216	5	40	17	**	3	0					
*A Trabe	17.2	23.4	30.5	20	10.9	6.5	24	9	6.4	14	-148	61	82	41	60	267	2301	4	31	1	929	5	0					
Alto do Rodicio	14.2	19.69	27.5	28	9.3	3.0	3	32	16.4	22	--	73	92	52	57	256	2285	11	59	15	907	8	0					
Amiudal	16.2	22.98	31.6	28	10.7	6.1	5	57	20.9	22	-89	70	93	45	58	258	2219	9	62	15	954	9	0					
As Petarelas	17.9	25.91	33.9	20	10.5	5.1	3	39	32.0	14	**	62	91	34	59	265	2283	**	**	**	**	5	0					
Baltar	14.9	22.33	29.4	20	6.6	-0.1	6	52	44.7	22	-92	70	98	41	60	268	2305	8	57	14	926	5	1					
Cabeza de Manzaneda	10.7	14.42	21.8	20	6.7	0.1	24	62	41.1	22	--	71	90	51	--	--	1841	--	--	--	826	10	0					
*Calvos	13.6	21.48	28.8	28	4.6	-2.3	6	12	4.2	14	-120	79	100	48	58	260	2264	7	53	15	**	7	4					
Casaio	14.5	19.25	27.4	20	9.8	2.8	3	47	20.9	29	**	58	81	36	**	**	**	6	59	15	**	8	0					
*Corzos	13.9	20.73	28.0	20	7.3	0.2	3	16	5.3	22	**	61	86	39	**	**	**	8	45	21	**	8	0					
Entrimo	16.1	23.14	32.3	20	10.3	4.5	3	23	5.9	14	**	72	92	50	46	205	1997	**	**	**	**	9	0					
*EVEGA Leiro	18.1	27.88	37.0	28	9.4	4.2	1	14	5.4	14	**	68	94	35	**	**	**	2	36	15	1006	6	0					
Gandarela	16.5	23.79	33.0	28	10.8	4.8	3	11	4.1	14	--	74	96	46	**	**	2187	6	56	17	946	4	0					
Lardeira	11.9	16.92	24.3	20	7.3	-0.2	2	42	14.7	29	-98	65	85	43	57	253	2223	**	87	17	841	8	1					
*Larouco	18.0	26.12	33.6	28	10.5	5.0	3	41	33.8	22	**	64	93	34	**	**	**	4	38	15	957	7	0					
Laza	17.3	25.74	33.0	28	9.4	4.6	3	13	7.4	14	-139	63	91	34	59	262	2233	**	78	21	**	6	0					
Monte Medo	16.2	23.51	31.9	28	8.9	3.7	5	14	4.8	22	**	69	95	42	54	244	2136	**	**	**	**	5	0					
O Invernadeiro	14.2	21.15	28.8	20	7.3	-0.5	2	35	23.0	14	-95	67	91	43	51	228	1983	8	57	15	902	7	1					
Ourense	18.8	27.98	37.9	28	10.6	5.5	1	18	8.4	31	**	63	96	32	**	**	**	**	**	**	**	4	0					
Ourense-Estacións	19.4	27.69	37.0	28	12.0	7.3	1	6	4.2	14	-149	61	86	33	58	259	2171	4	39	21	1003	2	0					
*Pazo de Fontefiz	17.0	23.85	32.6	28	10.9	6.6	25	28	9.9	14	--	71	91	46	59	264	2176	4	38	21	970	10	0					
*Ponte Boga	17.2	24.93	32.3	28	10.7	5.6	3	34	19.5	29	-111	74	97	41	53	236	2166	5	43	16	963	6	0					
*Prado	18.4	26.84	36.0	28	10.6	6.0	1	13	5.9	31	**	68	94	40	**	**	**	3	40	14	1002	5	0					
Remuíño	17.9	27.36	36.6	28	9.8	5.4	3	14	4.2	31	-129	70	96	38	53	237	2083	5	42	2	**	8	0					
*Riós	16.6	22.93	30.3	20	10.4	4.2	25	19	10.0	14	-138	62	85	39	61	272	2319	5	41	15	**	7	0					
San Xoán de Río	14.4	20.24	27.6	28	9.1	1.5	3	24	6.6	14	-119	70	92	47	58	261	2267	12	56	15	902	7	0					
Serra do Eixe	13.9	19.72	27.2	20	8.5	2.3	24	35	16.3	14	-111	69	92	44	61	272	2340	13	84	21	881	7	0					
Verín-Vilamaior	17.9	25.83	33.0	20	10.6	6.0	3	36	16.8	14	-113	62	86	36	61	273	2297	6	57	27	955	5	0					
Verín-Vilela	17.1	26.13	34.0	20	7.5	2.8	6	34	17.1	14	-117	71	100	35	62	275	2329	4	61	14	**	3	0					
Viana do Bolo	15.6	22.77	29.9	27	8.5	3.6	3	15	7.6	14	-127	66	92	42	56	252	2186	6	47	16	921	7	0					
Xares	11.0	16.21	24.3	20	6.5	-0.2	25	23	8.6	14	-115	64	85	42	55	247	2140	20	90	21	826	10	2					
Xinzo	15.6	23.73	32.0	28	6.6	0.6	11	19	12.9	22	-121	74	100	43	52	233	2196	8	55	21	946	5	0					
Xurés	14.9	20.13	28.3	20	10.0	3.7	3	21	6.9	14	-136	66	89	44	62	278	2424	13	75	21	899	10	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	15.8	21.81	30.9	27	9.7	4.5	6	54	17.2	17	-73	76	94	55	52	232	2055	6	49	17	**			10	0		
A Granxa	17.5	25.48	35.0	27	9.9	5.8	5	33	9.4	17	-101	73	96	45	52	233	2073	3	49	14	1013			9	0		
A Lanzada	17.4	22.89	33.2	27	12.5	8.4	10	38	11.2	31	-103	77	91	58	60	270	2222	15	67	15	**			8	0		
*Areas	18.3	24.64	34.5	27	12.6	8.4	25	40	16.6	31	-98	77	96	52	55	244	2134	3	33	16	**			8	0		
*As Eiras	17.3	23.38	33.2	27	11.5	6.6	10	48	14.4	31	-88	76	97	53	57	254	2164	5	40	15	1012			9	0		
Atios	17.4	24.72	33.9	27	10.1	6.1	3	57	18.2	17	-78	84	100	53	58	258	2201	4	45	16	**			9	0		
Baiona	17.3	20.91	31.2	28	13.1	8.8	10	29	7.7	31	-110	79	95	59	63	281	2323	8	57	17	**			7	0		
*Barrantes	17.2	23.05	32.8	27	11.2	6.5	10	39	13.4	17	-88	76	93	55	55	245	1999	4	45	17	**			10	0		
Cabo Udra	17.2	21.21	31.1	27	13.9	11.6	6	37	10.7	31	-94	82	95	64	57	255	2233	14	82	15	**			9	0		
Caldas de Reis	16.5	22.97	32.1	28	11.4	8.1	5	55	15.6	17	-51	74	91	51	45	170	1935	6	50	17	986			11	0		
*Camanzo	16.7	23.34	32.4	28	10.8	6.9	5	52	13.5	22	-80	76	94	52	49	220	1997	5	53	16	993			9	0		
Cangas-Porto	17.7	21.61	32.0	27	14.1	11.7	19	32	12.7	31	**	70	85	54	**	**	**	9	54	17	**			8	0		
Castro Vicaludo	16.1	19.59	29.8	27	12.5	8.2	3	60	16.1	31	-79	74	89	55	57	255	2196	18	80	15	962			9	0		
Castrove	16.3	20.27	29.3	28	12.4	7.8	3	79	24.9	17	-51	72	87	51	55	247	2119	**	70	3	958			11	0		
*Cequeliños	17.9	24.78	33.3	28	11.8	7.6	25	12	3.8	31	-143	67	89	44	56	251	2188	8	48	17	**			6	0		
Corón	17.3	21.51	29.4	28	13.7	10.9	25	38	11.8	31	--	72	87	54	59	264	2242	17	66	16	1015			10	0		
*Entenza	18.4	25.5	36.1	27	12.1	7.7	25	19	7.6	31	-118	71	93	45	51	229	2087	2	36	15	**			7	0		
Forcarei	14.9	20.04	28.9	28	10.1	4.0	1	62	17.9	17	-68	76	93	52	54	243	2135	13	72	15	**			12	0		
Fornelos de Montes	15.9	20.08	29.0	28	11.9	4.6	1	76	22.4	17	-72	69	86	50	57	253	2185	15	71	2	936			11	0		
Gargamala	18.0	24.77	32.4	28	12.1	7.6	1	41	10.8	31	-104	73	93	46	57	252	2197	4	46	14	**			10	0		
Illas Cíes	17.2	20.97	31.5	27	13.9	10.1	3	38	11.7	31	-89	79	92	63	56	220	2223	10	69	15	**			9	0		
Lalín	15.5	21.53	30.5	28	10.1	4.6	5	28	11.9	31	**	77	97	49	**	**	**	8	52	16	**			10	0		
*Louredo	16.7	23.13	34.1	27	11.9	8.1	3	30	12.9	14	**	82	98	61	**	**	**	2	40	22	989			10	0		
Lourizán	17.2	23.58	33.8	27	11.8	8.3	25	48	14.3	31	-89	79	97	57	46	208	1972	**	36	15	1011			11	0		
*Meder	18.3	25.77	34.4	28	12.0	7.9	25	28	10.2	31	**	73	96	45	**	**	**	1	**	14	1000			9	0		
Monte Aloia	16.3	21.62	31.0	27	11.8	7.6	1	95	24.8	17	--	75	93	54	54	242	2190	7	61	16	962			11	0		
Mouriscade	14.8	22.01	31.4	28	7.2	0.9	6	22	10.6	31	-111	77	98	49	56	249	2214	6	54	16	959			8	0		
O Viso	17.3	23.05	33.3	27	12.5	8.9	25	40	14.1	31	-103	67	87	48	56	252	2074	8	70	14	986			11	0		
Ons	16.5	20.43	29.6	27	13.2	10.7	3	48	15.0	31	-87	79	92	65	62	279	2338	18	75	16	1003			8	0		
*Pé Redondo	17.7	23.34	32.1	27	12.6	9.8	25	49	16.2	17	-71	75	92	55	50	225	2047	2	49	15	**			10	0		
*Ponte Caldelas	16.7	22.43	31.6	28	11.0	5.5	1	43	12.2	31	-90	71	88	52	53	237	2046	4	41	16	976			10	0		
Pontevedra-Campolongo	18.3	24.43	34.5	27	12.9	8.9	25	37	13.8	31	**	69	88	47	**	**	**	**	41	15	**			10	0		
Porto de Vigo	18.4	22.16	31.6	27	15.1	12.6	5	33	11.4	21	-115	72	87	56	59	266	2225	11	58	15	1015			8	0		
Rebordelo	15.7	22.62	31.7	28	8.2	1.3	11	75	16.3	17	**	78	98	54	55	244	2045	**	**	**	976			11	0		
San Nomedio	16.4	20.97	29.7	27	12.4	6.8	3	35	8.0	31	-110	70	87	50	53	235	2069	14	83	3	**			10	0		
Sanxenxo	17.7	22.88	33.5	27	13.3	9.4	5	40	9.6	31	-95	75	92	56	52	235	2137	4	47	15	1013			8	0		
Serra do Faro	14.1	19.21	28.0	28	9.7	4.2	3	50	14.9	31	-85	71	90	47	55	247	2145	16	69	16	905			11	0		
*Simes	17.2	23.27	32.5	27	11.2	7.4	6	43	11.2	17	**	75	93	54	53	239	1962	**	**	**	**			10	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 5


Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Soutomaior	17.6	23.65	34.8	27	12.6	8.9	25	31	10.8	31	**	76	95	53	**	**	**	3	26	15	997	11	0		
*Torrequeintáns	17.8	23.74	32.7	27	12.2	8.4	25	34	11.5	17	-114	79	96	59	51	230	2106	5	53	16	1009	10	0		
*Tremoedo	17.3	22.64	31.8	27	12.2	8.0	25	38	9.9	17	**	72	90	53	**	**	**	3	46	16	1010	10	0		
Vigo	18.1	22.76	32.8	27	13.6	9.9	3	38	13.6	21	**	68	86	51	**	**	**	**	**	**	**	8	0		
Vigo-Campus	16.8	20.42	30.1	27	13.1	8.4	3	50	12.5	17	-96	69	85	50	58	260	2232	8	68	16	965	9	0		
Xesteiras	15.6	19.49	28.6	21	12.1	7.5	2	99	34.0	17	**	75	92	52	**	**	**	**	101	17	935	11	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.

# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA MAIO 2022



# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA MAIO 2022



# CHUVIA ACUMULADA DIARIA MAIO 2022



# REFACHO MÁXIMO DIARIO MAIO 2022

